

Enviámos o poema de Carmen Quinteiro lido esta mañá pola presidenta da Deputación de Pontevedra, Carmela Silva, no marco da intervención “Alguén aí?” organizada co gallo do 8M no Pazo provincial:

Es única,
non aceptes suxerencias.

Quen non vaia a ler na túa liberdade,
que aprenda outro idioma.

Es libre,
quen non saiba
voar en solitario
que non salte contigo:
mereces compañía, non un lastre.

Es cálida,
quen busque frío
que se mude de estación
que se vista de si mesmo.

Quen pretenda
facer de ti un relato
que non siga:
non te define ningún número,
ningún peso,
ningunha talla,
ningunha medida.

Quen pretenda controlarte,
que asuma a súa covardía. Que se enfrente aos seus medos.

O teu futuro é o teu presente,
o teu tempo é o teu refuxio.
Habita a túa casa.
Goza de ti.
E lembra: es única e o teu sorriso é a miña esperanza.